

Acta N°2

ACTA DO TRIBUNAL DE SELECCIÓN DA PRAZA DE LOCUTOR/A (PERSOAL LABORAL FIXO) PERTENCENTE Á CONVOCATORIA DA OPE EXTRAORDINARIA PARA A ESTABILIZACIÓN DO EMPREGO TEMPORAL DO CONCELLO DE NEGREIRA.

LUGAR; Salón de Plenos da Casa do Concello de Negreira.

DATA: 04 de outubro de 2024.

HORA COMEZO: 16,30

HORA DE REMATE: 17,00 h

ASISTENTES;

Presidenta: Miriam Naveira Dono. (Secretaria do Concello de Negreira).

Vogais:

Vogal 1.- Sonia Ponte Esturao.- Axente de Emprego e Desenvolvemento Local do Concello de Negreira.

Vogal 2.- Sonia Nieto López.- Orientadora Laboral do Concello de Negreira.

Vogal 3.- Carmen Cerviño Leis.- Administrativa do Concello de Negreira.

Secretaria: Patricia Barreiro Casal .- Administrativa do Concello de Negreira.

Tendo presente a resolución número 284, de data 14 de agosto de 2024, polo que se aproba a listaxe definitiva de aspirantes admitidos no proceso de selección de 1praza de Locutor/a (persoal laboral fixo) mediante concurso, a xornada completa da Oferta de Emprego Público extraordinaria 2022 (Lei 20/21 do 28 de decembro).

De acordo ao establecido nas bases específicas e xerais que regulan o proceso selectivo para a praza de Locutor/a (persoal laboral fixo) (BOP nº243 do luns 26 de decembro de 2023) onde se establecen os criterios de selección das persoas candidatas admitidas no proceso de selección para a citada praza.

O sistema selectivo empregado é o concurso de méritos e a puntuación definitiva estará determinada pola suma das puntuacións obtidas na devandita fase.

Esgotado o prazo establecido para reclamacións, e non existindo reclamacións para o referido proceso, este tribunal cualificador establece:

Primeiro.- Advertido erro material na Acta nº1 publicada no taboeiro de anuncios do Concello de Negreira o día 20/09/2024, no que respecta ao Anexo I detallase a puntuación obtida por cada aspirante separada nas seguintes categorías; Experiencia profesional, Formación e Acreditación do



CONCELLO DE NEGREIRA

Rúa do Carmen, 3
15830 Negreira
A Coruña
Tfno.: 981 885 250 Fax: 981 885 328
www.concellodenegreira.gal

Celga. Corríxese nesta acta establecendo que os/as candidatos/as presentados e baremados acreditan a posesión do Celga 2, non do Celga 4. Onde dí: “Celga 4” debe dicir “Celga 2”.

Segundo.- Non se barema máis da formación acreditada, nin da experiencia profesional acreditada cando as/os aspirantes superen ou acaden a puntuación máxima establecida.

Terceiro.- Establecer a listaxe de cualificacións finais obtidas polos aspirante a praza de Locutor (persoal laboral fixo) do Concello de Negreira:

NOME E APELIDOS	DNI	CELGA 2	EXPERIENCIA PROFESIONAL	FORMACIÓN	TOTAL
OVIDIO MARTÍNEZ GARCÍA	*****989-A	SI	90	10	100

Cuarto.- Propoñer á Alcaldía o nomeamento como persoal laboral fixo para a praza de locutor a xornada completa a Don Ovidio Martínez García.

E sen máis asuntos que tratar, o presidente declara rematada a sesión sendo ás 17,00 horas do día 04 de outubro de 2024. Asinado O Tribunal Seleccionador.-